

días azuis

DO COMERCIO GALEGO

Do 16 ao 30 de Xuño

galicia

FEDERACIÓN
GALEGA DE
COMERCIO

XUNTA
DE GALICIA

Xuño 2017

Estimad@ comerciante:

Facémosche chegar o material correspondente á **campaña “Días Azuis do comercio galego”**, unha iniciativa da Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia en colaboración coas federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de Galicia:

- **Cartel informativo** a colocar nun lugar visible do teu establecemento
- **Cartel circular de cartón** para colgar ou pegar no teu escaparate ou no interior
- **Carta** explicativa e **bases** da campaña

A campaña “Días Azuis do comercio galego” terá lugar entre o **16 e o 30 de xuño de 2017** e nela poderán participar todos os clientes do comercio de proximidade de Galicia que merquen nestas datas. Entre eles **sortearanse 16.000 euros en premios (distribuídos en 8 tarxetas prepago regalo de 500 euros, 20 tarxetas de 300 euros e 40 tarxetas de 150 euros) que deberán ser empregados para volver a mercar nos establecementos tradicionais galegos**. O sorteo realizarase ante notario o 5 de xullo de 2017.

Os teus clientes poden participar de 3 maneiras diferentes:

1. Enviar un SMS co texto “DIASAZUIS-NOME E APELIDOS” ó 981 099 093 (coste do SMS segundo a tarifa contratada co seu operador).
2. Rexistrar a súa compra en www.diasazuis.com
3. **Ou coa túa colaboración, comerciante, a través da plataforma www.diasazuis.com/comercios, onde podes rexistrar directamente a operación de compra dos teus clientes. Deste xeito, o consumidor duplica a participación para o sorteo.**

**En tódolos casos, o cliente debe fotografiar e/ou gardar o seu ticket de compra como xustificante da mesma.*

PREMIOS ABANCA PARA OS COMERCIOS

Paralelamente á campaña dirixida ós clientes, ABANCA realiza un **sorteo entre todos os comercios clientes que facturen con TPV ABANCA** (tanto con tarxetas propias como alleas) **ou realicen operacións de financiamento de compra APLAZOS** nas datas comprendidas entre o 16 e o 30 de xuño de 2017.

Por cada 100 euros de facturación, o comercio obterá unha participación; e sortearanse **4 premios de 1.000 euros** (1 premio por provincia). O sorteo terá lugar por parte de ABANCA antes do 5 de xullo de 2017 e os premios ós comerciantes entregaranse no acto final da presente campaña.

ACTIVIDADES ESPECIAIS

Para darlle máis impacto e efectividade á campaña “Días Azuis do comercio galego”, **invitámosche a realizar durante esos días actividades especiais paralelas no teu propio establecemento: actuacións, obsequios, ágapes, descontos especiais, etc.**

Pola nosa banda, **apoiaremos esta campaña con publicidade en redes sociais, radio, prensa escrita e actividades de dinamización na rúa.**

Agardando que esta iniciativa sexa do teu agrado, solicitamos a túa colaboración e poñemos á túa disposición toda a información a través de www.diasazuis.com e www.diasazuis.com/comercios. Ademais, podes consultar calquera dúbida ó respecto no teléfono gratuito 900 103 087 ou a través do correo electrónico dptocomunicacion@comerciogalicia.es

Un cordial saúdo

José María Seijas Lopez
Pte Federación Galega de Comercio

Sol Vázquez Abeal
Directora Xeral de Comercio